



DECRETO

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais preceptos concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) e de conformidade co disposto nos artigos 20.1 do Regulamento Orgánico Municipal e 78.1 do ROF polo presente veño en convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o próximo día **27 de marzo de 2014 ás 20:00 horas** en primeira convocatoria, e, no caso de non existir quórum necesario, en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora, para debater os asuntos relacionados no seguinte:

ORDE DO DÍA

I) PARTE RESOLUTIVA

- 1º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.
- 2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.
- 3º.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA DE REPRESENTACIÓN MUNICIPAL POLO CONCELLO DE SILLEDA NO GDR "TERRAS DE DEZA"

II) PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBERNO

4º.- MOCIÓNS

- 4.1.- MOCIÓN DO BNG POR UN 8 DE MARZO POLA DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES
 - 4.2.- MOCIÓN DA ALCALÍA PARA RECLAMAR A HABILITACIÓN DE AXUDAS PARA REALIZAR TRABALLOS DE REPOSICIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLA VAGA DE TEMPORAIS
 - 4.3.- MOCIÓN DO BNG NA DEFENSA DO TRABALLO NA FUNDACIÓN SEMANA VERDE E POLA CONTINUIDADE NA XESTIÓN PÚBLICA DO RECINTO DA FEIRA INTERNACIONAL DE GALIZA.
 - 4.4.- MOCIÓN DO BNG CONTRA O DESMANTELAMENTO DO 065 DO SERVIZO GALEGO DE TRANSPORTE ADAPTADO.
 - 4.5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A REFORMA LOCAL E PROVINCIAL.
 - 4.6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA, POR INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR, DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALIZA.
 - 4.7.- MOCIÓN DO BNG POLO DEREITO A UNHA VIVENDA DIGNA, ALUGUEIRO SOCIAL, PARALIZACIÓN DOS DESAFIUZAMENTOS E IMPULSO DUNHA LEI GALEGA DE VIVENDA.
- 5º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2014.
- 6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Da presente convocatoria e da orde do día darase a debida notificación a todos os membros da Corporación, con acompañamento do borrador da acta da sesión anterior, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e comunicándose aos medios de comunicación.

En Silleda a 24 de marzo de 2014

O ALCALDE

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Ante min
O Secretario Xeral

Asdo. Francisco J. Oubiña Lodeiro